



CONCELLO DE ORDES
(A CORUÑA)

ACTA Nº 4/2018

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA VINTE DE ABRIL DE DOUS MIL DEZAOITO.

En Ordes, a vinte de abril de dous mil dezaeito.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. José Luis Martínez Sanjurjo, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- ANA Mª SONEIRA LIÑARES
- JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ
- JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- PABLO VÁZQUEZ CANDAL
- MANUEL REGOS BOQUETE
- MANUEL IGLESIAS VIEITES
- LEONCIO GÓMEZ LIÑARES
- PABLO VIDAL RÍOS (incorpórase á sesión no segundo punto da orde do día)
- GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- ALEJANDRO MANTEIGA GARCÍA
- BEATRIZ MARTÍNEZ CANDAL
- ROBERTO JESÚS GONZÁLEZ SANTOS
- JOSÉ LUÍS GÓMEZ CANDAL

Non asisten:

- PAULA CASTENDA BLANCO
- JOSÉ RAMÓN VÁZQUEZ RAÑA

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás vinte horas, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

PUNTO PRIMEIRO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Polo Sr. Alcalde procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar ás actas das sesións ordinarias, de datas 02/03/2018 e 23/03/2018, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que na acta de data 02/03/2018, aprecia os erros seguintes:

Folla nº 20

Onde dí:
.../...

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de dez votos a favor (5 grupo político PP, 2 grupo político UxO, Sr. González Santos, Sr. Vázquez Raña e Sr. Gómez Candal), co voto en contra (Sra. Martínez Candal), e coas abstencións (2 grupo político BNG) sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:
.../...

Debe dicir:
.../...

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de dez votos a favor (5 grupo político PP, 2 grupo político UxO, Sr. González Santos, Sr. Vázquez Raña e Sr. Gómez Candal), cos votos en contra (2 grupo político BNG, Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:
.../...

Folla nº 21

Onde dí:
.../...

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que (...), co que melloraría a accesibilidade de todo o núcleo e xustificárase o interese xeral que ten esta modificación puntual, por que a modificación dese interese é bastante escasa. (...).
.../...

Debe dicir:
.../...

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que (...), co que melloraría a accesibilidade de todo o núcleo e xustificárase o interese xeral que ten esta modificación puntual, por que a xustificación dese interese é bastante escasa. (...).
.../...

A acta da sesión ordinaria de data 02/03/2018, resultou aprobada por maioría de catorce votos a favor, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación, coas correccións sinaladas polo Sr. Vidal Ríos.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 3

A acta da sesión ordinaria de data 23/03/2018, resultou aprobada por maioría de catorce votos a favor, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación.

PUNTO SEGUNDO: INFORMES DA ALCALDÍA.

Polo Sr. Alcalde infórmase das actuacións seguintes.

- D. Pablo Vázquez Candal, concelleiro, comunicou con data 28/03/2018 a súa integración no grupo político PP.
- En relación coa tramitación do parque eólico Ardemil. A primeira comunicación que ten o Concello é con data 23/02/2018 da Secretaría de Estado de Medio Ambiente sobre consulta de avaliación de impacto ambiental sobre proxecto parque eólico Ardemil. Con data 02/03/2018 dáse publicidade a esta consulta a través da páxina web municipal e redes municipais. Con data 06/04/2018 polo técnico redactor do PXOM emítese informe de alegacións ambientais valorando as alternativas ao proxecto e sobre afeccións aos núcleos de poboación. Con data 09/04/2018 remítese telemáticamente ese informe á Secretaría de Estado de Medio Ambiente. O pasado luns un dos representantes da empresa ponse en contacto co Concello a través da Secretaria do Alcalde comunicando que vai a remitir un documento. No email remitido xúntase escrito de data 15/03/2018 presentado na Delegación do Goberno en Galicia solicitando a suspensión do parque eólico Ardemil que se esta a tramitar polo Ministerio de Enerxía por detectarse erros na elaboración do proxecto ata a presentación dun proxecto modificado, xunto co xustificante de presentación telemática de data 16/03/2018, infórmase que esta semana presentarán a renuncia ao proxecto. O mesmo día remítese un novo email cun enlace de google drive para a descarga do proxecto sectorial do parque eólico Monte Inxerio, que se reenvían á técnico municipal e asistencia técnica municipal para o seu análise. Este mesmo día solicítase unha entrevista para achegarse polo concello. Reunión que ten lugar o pasado mércores 18/04/2018 ás doce horas na Alcaldía co representante e un técnico da empresa no que se lle pide que se adiante a renuncia ao proxecto presentado se teñen claro que este contén erros. Con data 19/04/2018 xúntase polo responsable da empresa un documento borrador de desistimento do parque eólico Ardemil a presentar ante o Ministerio unha vez asinado. Hoxe 20/04/2018 mediante email xúntase xustificante de presentación do desistimento de autorización administrativa do proxecto de parque eólico Ardemil. O único erro que cree que se cometeu foi a maiores da publicidade na web municipal e nas redes sociais e ter posto uns bandos. Os técnicos municipais fixeron a seu traballo, presentáronse as alegacións. A documentación poderá ser consultada polos concelleiros na Alcaldía. Os convida a asistir á charla co técnico municipal no local social de Buscás o próximo xoves ás vinte horas.

Polos Srs concelleiros danse por decatados.

PUNTO TERCEIRO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 4

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 23 de marzo de 2.018, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O Pleno Corporativo Municipal dáse por decatado.

PUNTO CUARTO: MOCIÓN.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Polos concelleiros non adscritos e grupos políticos preséntanse as mocións seguintes.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que formula a moción que se transcribe a continuación.

“O Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, procedeu a poxar no pasado ano a potencia de enerxía renovable para nova potencia eólica e fotovoltaica co fin de que España avance significativamente nos obxectivos de introdución de renovables establecidos pola Unión Europea para 2020. Xustificaron entón que deste xeito o noso país alcanzaría un 19,5% de enerxía renovable sobre o consumo de enerxía final e se situaría a so cinco décimas do obxectivo comunitario do 20%.

Todos os adquirintes de esta potencia temen como prazo para finalizar os proxectos ata o remate de 2019.

Como sería inviable doutro xeito conseguir as licencias pertinentes para a realización dos parques eólicos que deban desenvolver as promotoras para poder explotar a potencia conseguida na poxa, o goberno autonómico considerará "proxectos de excepcional interese" os parques eólicos que se tramiten, sempre e cando procedan da poxa de potencia realizada polo ministerio. Todo isto en base a lei 3/2016 de 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese segundo o di no punto 10 do seu artigo único, segundo a lexislación estatal se a Administración Xeral do Estado declarase estes proxectos de excepcional interese como é o caso.

Esta lei, di na súa exposición de motivos que a Comunidade Autónoma de Galicia ostenta a competencia exclusiva en materia de ordenación do territorio e do litoral, urbanismo e vivenda.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 5

Di ademais, que en uso de esas competencias, as administracións públicas deben velar en todo momento pola salvagarda e a satisfacción dos intereses xerais, non poden descoñecer a existencia de proxectos de especial urxencia ou de excepcional interese público, que deben ser impulsados a fin de lograr beneficios sociais e económicos para a nosa Comunidade Autónoma que lle son propios.

Esta lei di garantir tamén o respecto á autonomía municipal e aos intereses locais afectados, ao contemplar na sede do procedemento, que se regula a emisión do informe preceptivo e vinculante por parte do Concello de que se trate, previo ao sometemento correspondente a información pública.

Pero é que esta lei aborda no seu único artigo no punto 7 que a aprobación do proxecto conlevará a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos afectados aos fins de expropiación ou imposición de servidumes.

Eu entendo coma case todos, que as enerxías renovables son necesarias, tamén entendo que se tramiten de forma urxente, e incluso poido entender que sexan declarados os proxectos de implantación de enerxías renovables como proxectos de excepcional interese, pero non poido compartir que o goberno autonómico non se preocupe de que parte dos beneficios das promotoras se queden en mans dos afectados en forma de rendas dignas, tanto para os propietarios das terras donde irán os eólicos, como nas zonas de afección por voo (xa que hai prohibición de plantar árbores a menos de 200 m.) como tamén os camiños e canalizacións e outras servidumes cas que se verán afectados os veciños. Nin que tampouco se preocupe de evitar facer deste un proxecto especulativo prohibindo a cesión da explotación as promotoras, que non se moleste en prohibir a expropiación de plataformas en pleno dominio, ou que non se moleste en conseguir que as empresas promotoras contraten obrigatoriamente as obras a realizar as empresas das zonas afectadas, como tamén os traballadores para o mantemento dos parques.

Debería existir compromiso da promotora de prezos dignos para todo o exposto no párrafo anterior.

Penso que esta lei esta ben para tramitar de urxencia estes proxectos, pero non pode ser que a implantación destes parques so sexa positiva en canto a ingresos por canon eólico, licencias etc, que poidan repercutir positivamente para a Comunidade Autónoma e para o Municipio en cuestión, debe ser positivo en todos os aspectos tanto medioambientais como ser un estímulo para fixar poboación no rural, e tamén para mellorar a calidade de vida do rural, etc.

Considero que si se tiveran en conta rendas dignas, sería unha medida para axudar a implantar poboación no rural, ou axudar a manter a poboación no rural xa existente pero con maior calidade de vida.

Non é de recibo a escasa información dada a veciñanza con respecto a estes proxectos, a pouca información vista por min e por todos, estes días nese proxecto do Parque de Ardemil é unha clara evidencia do oscurantismo destes proxectos, pero para maior frustración ven de anunciar o señor Alcalde outro proxecto máis en Mercurín, o xa famoso parque do Monte Inxerio, do que nada se sabia ata agora, do que nada se sabe, somentes enviou vostede a algúns coñecidos seus un enlace que os leva a unha páxina web da xunta, do rexistro eólico de Galicia moi transparente todo, queremos ver o proxecto, queremos saber si houbo contacto por parte da promotora co Concello para tratar cos propietarios das fincas afectadas, queremos ver planos



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 6

coas afeccións das fincas afectadas, queremos ver un plan detallado no que se poida ver a repercusión dos beneficios xerados polo parque que repercutirán no beneficio da zona dos veciños afectados, e o máis importante, queremos ver as afeccións da liña de evacuación, e por suposto queremos que se teñan en conta as perdas que sufrirán algúns propietarios que xa teñen tratada a plantación do seu monte e que seguramente se verán afectados.

O que pretendo con esta exposición de motivos señor Alcalde, é facer ver que non se esta sendo transparente, nin se está a mirar polo ben xeral, que se pode facer mellor, que deben facelo mellor, e vostede sabe que ocultar parte da información, é outra forma de non ser transparente, é inadmisibile que non se mostre toda a información o público.

Non pretenda vostede esperar a que a Consellería de Industria envíe as cartas pertinentes aos propietarios afectados informándolles da próxima ocupación dos terreos e atévome a dicir ameazando con que de ser necesario se procederá á expropiación dos terreos habida conta de que o Consello da Xunta declarase este proxecto de "especial interese", como se esta a facer noutros casos no resto de Galicia.

Advertido queda de encontrarse coa oposición de dita ocupación se previamente non chegan a un acordo cos propietarios afectados, xa que agora eles serán os que gasten cartos na defensa dos seus intereses porque nin goberno autonómico nin vostede son quen de adoptar medidas para que as promotoras dos parques deixen de ofrecer rendas insignificantes comparándoas cos beneficios dos parques eólicos e desfavorecendo así as zonas afectadas.

E polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

1.- O Concello de Ordes de traslado á Consellería de Economía, Emprego e Industria, de tal xeito que dentro das súas competencias, regule con carácter autonómico a imposibilidade de declarar zona de especial protección e infraestruturas a estes parques eólicos, salvo que se garanten unhas compensacións por alugueres "mínimas" de un 4% sobre a produción do parque durante unha duración mínima de 25 anos, evitando así a expropiación forzosa dos terreos. Ademais de garantir que os postos de traballo sexan para veciños da zona, e a realización das obras e tarefas de mantemento para empresas tamén da zona de afección.

2.- O Concello de Ordes fará pública canta información dispoña, e pedirá por adiantado se fose necesario o proxecto do monte Inxerio e os planos cos terreos afectados para expoñelo públicamente, tanto na páxina web do concello, como nas redes sociais, e de xeito presencial nas parroquias afectadas".

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de quince votos a favor (6 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sra. Martínez Candal, Sr. González Santos, Sr. Gómez Candal), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 7

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que se reserva para a segunda quenda de intervencións, pero en principio está en contra.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que a transparencia é moi importante, que canta máis di información estea a disposición dos veciños é beneficioso para todos. En relación co punto un non ven con moito sentido impor esas condicións, cada proxecto é distinto, sería moi difícil.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que fronte a este problema hai dúas posturas, unha a que se traslada na moción que é a resignación aludindo a que se trata dun proxecto de especial interese e o único que resta facer é tentar sacar a maior tallada posible. Por outra banda está a postura pola que opta o BNG que é espertar, manter contactos, informarse, unirse e actuar para tentar parar estes proxectos de parques eólicos. A eles non lles vale pelexar para repartirse catro fungallas. Teñen claro que Ordes polas características de dispersión da poboación no territorio, por xa estar tremendamente afectado e impactado pola Central térmica de Meirama e o vertedoiro da Areosa, sen esquecerse do novo vertedoiro que se pretende instalar na parroquia de Lesta que a presión veciñal conseguiu frear, polo patrimonio existente, por xa estar colapsado polas redes de transporte de enerxía e pola condena que sufriría o rural ao abandono, non é Ordes o lugar para implantar un parque eólico. Están a favor das enerxía renovables, non así a menos de cen metros das casas. A postura da moción non é a que defende o BNG, non é a mensaxe que lle queren trasladar á veciñanza. Non se resignan a recoller o maior cacho posible do pastel. Van a intentar parar isto. Aínda coincidindo no punto segundo dos acordos, van a absterse nesta proposta.

Intervén o Sr. Regos Boquete, voceiro do grupo político UxO, que sinala que despois da explicación do Sr. Alcalde queren dicir que as renovables son importantes. A Sra. Martínez Candal no punto primeiro expoñen unhas premisas que todos queren. Despois da segunda quenda decidirán que van a votar.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a exposición de motivos está moi ben, pero como noutras ocasións o que se busca é atacar e falar de ocultación de información e falta de transparencia especialmente deste alcalde e goberno, xa estamos habituados a esa atitude pola súa parte. Vamos a tratar de dicirle aos veciños o que lle hai que dicir. España ata o día de hoxe é unha economía de mercado, na que existe liberdade de empresa. O que vostede entende que debería facer o goberno autonómico, estatal é o propio dunha economía intervida, dun modelo económico comunista, aínda está a tempo de concorrer ás próximas eleccións locais por un partido que defende o seu modelo económico. Fala de ocultación de información e transparencia. O Alcalde non está a ocultar información, nin a non ser transparente o demostrou no punto de informes de Alcaldía e o 02/03/2018 a raíz de que os técnicos poñen a documentación a disposición dos veciños. Recoñeceu que ao mellor vista a situación faltaron uns bandos informativos. Fíxose o traballo, os técnicos municipais fixeron o seu traballo. E non foron a ningún sitio a crear alarma social como fixo vostede. No concello de Ordes ata o día 19/04/2018 non se tiña coñecemento de que se estaba a tramitar ante a Consellería de Industria un expediente de autorización sectorial do parque eólico Monte Inxerio. Esta tramitación foi coñecida a través dos comentarios que se fixeron nunha páxina dunha rede social. A efectos de facilitar información a todos os veciños e concelleiros de Ordes solicitouse da Consellería de Industria, do Servizo de Enerxías Renovables mediante correo electrónico que se informase deste expediente, contestación que se recibiu no día de hoxe e que procedo a ler. “Atendendo a súa solicitude de información sobre a tramitación do Parque Eólico Monte Inxerio, que aparece



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 8

na páxina web do Rexistro Eólico de Galicia, da Consellería de Economía, Emprego e Industria indicámoslles que trátase dunha solicitude feita ao amparo da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de compensación Ambiental. Estado da tramitación por orde cronolóxica: Con data 26.10.2017 a empresa Green Capital Power solicitou a parque eólico Monte Inxerio cunha potencia de 31,115MW nos Concellos de Ordes e Cerceda. Revisada a documentación e verificando o cumprimento dos requisitos de capacidade do solicitante a da solicitude establecidos nos artigos 30 e 31 da lei 8/2009, notificouse ao promotor, para que procedese ao pago da taxa de autorización administrativa. Con data 7 de febreiro de 2018 a empresa remitiu copia das taxas, procedéndose a continuar coa tramitación. O 10.04.2018 deuse traslado da documentación á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo para que emitan o informe do proxecto sectorial, indicando o cumprimento de distancias a núcleos e os organismos que deberán informar o proxecto sectorial. Estamos á espera do mesmo. O 18.04.2018 deuse traslado da documentación ambiental á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático para que informe dos organismos e persoas interesadas que ao abeiro do art. 33.4 da lei 8/2009 deberán informar o estudo de impacto ambiental. Estamos á espera do mesmo. Actuación futuras: Unha vez recibidos os devanditos informes darase traslado a Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria na Coruña para que continúe a tramitación, sometendo o proxecto a información pública e obtendo os informes necesarios tanto do estudo de impacto ambiental, do proxecto sectorial e das separatas (condicionados dos organismo e entidades afectados), abríndose durante esta fase de exposición pública o período de alegacións. Una vez finalizada a fase de tramitación, a Xefatura Territorial de industria, remitirá copia completa do expediente a esta dirección xeral, do que se dará traslado á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático para a emisión da Declaración de Impacto Ambiental. Unha vez finalizada a tramitación, obtidos os informes e a declaración de impacto ambiental favorable, procederase a emitir a resolución de autorización administrativa previa e de construción. Polo que no momento de que se someta o proxecto a información pública, darase traslado a ese concello da documentación (proxecto de execución, estudo de impacto ambiental, proxecto sectorial e separatas) aos efectos da súa exposición e da emisión de informe por parte do concello”. Con isto está practicamente respostada a metade da súa exposición de motivos, mentres non se reciba non llo podemos entregar a vostede nin a ninguén. Deixe de crear alarma ou ser sensacionalista con este asunto. Deste email seralles remitido copia a todos os concelleiros. Dende o concello estase a dar e vai a darse traslado de calquera información ou documentación pública que obra no concello en relación aos expedientes de autorización do parque eólico. Dende o concello vai a apoiarse calquera reclamación ou actuación administrativa dos veciños neste expediente que se axuste á legalidade. A exposición pública da documentación correspondente ao expediente de autorización do parque eólico Monte Inxerio realizarase no trámite de información pública, antes pode solicitarse pero non existe obriga de facer entrega da mesma cando van haber un trámite no que poderá consultarse esta documentación. Se nos adianta esta documentación a colgaran. Visto o contido do email todo parece indicar que se entregará no momento en que se faga a consulta de información pública. Non hai inconvinte de solicitala por que parece que hai unha necesidade imperiosa de contar con ela. Cando se reciba a documentación falarán, terán toda a información. Non hai que poñerse nerviosos, a campaña electoral aínda non comezou, non hai que utilizar os intereses dos veciños para tratar de gañar uns votos. Súmase ao que dixó o voceiro do BNG hai que traballar unidos. Vamos a ver cando chegue a documentación, analizarase. Durante a exposición pública do parque eólico Ardemil recibíuse a toda a xente, entregouse e explicouse a documentación, nunha houbo nada que agochar. Se todos sumamos os veciños afectados van a ser os beneficiados. Este acordo non é viable, non é factible, vai a ter o noso rexeitamento.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 9

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que se o Alcalde cree que este acordo non sumaría é o seu problema. Cree que os veciños de Buscás se enterarían que se ía a instalar un parque eólico preto das súas casas se non se tivese constituída a plataforma dos eólicos nas redes sociais. Cree que os veciños de Villamaior sabían algo disto. Non. Falou con veciños de Villamaior e non sabían nada. Todos estamos de acordo coas enerxías renovables, pero con proxectos que cumpran a normativa, e que a poder ser estean o máximo posible afastados das vivendas. Todos queremos melloras sociais. O canon eólico o pagamos todos. Deben posicionarse a que parte dos beneficios queden nas zonas afectadas e deixarse de paxariños de cores. O BNG en maio de 2017 abstívose na moción da Central térmica por que dicía que había que apostar polas renovables e agora parece que cambian de idea. Esta moción non sairá adiante. Todas as súas intervencións quedarán neste acta para o día de mañá.

Intervén o Sr. Gómez Candal, concelleiro non adscrito que sinala que se vai abster ata ter máis datos.

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito que sinala que está de acordo co punto segundo, o punto primeiro un liberal como el non o pode asinar. Hoxe ETA dixo que se acaba a loita armada, el loitou en contra de ETA, esta fichado. Un liberal non pode facer isto.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que se reafirma na súa primeira intervención.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que cando foi a moción da Central térmica de Meirama se abstiveron por que están a favor das enerxías renovables, xa o dixeron na súa primeira intervención. Enerxías renovables si pero non así. Non a cen metros das casas, non se respetan os límites que establece o plan eólico galego de cincocentos metros aos núcleos de poboación, non afectar a máis de 2054 persoas no concello de Ordes sen ter en conta varios núcleos de poboación no Capizo, Maquía e outros lugares non delimitados como núcleo. O nove de abril presentaron a súa alegación con todos estes datos que recolleemos. Non se pode inzar este concello de redes de enerxía que xa está saturado. Ordes non ten capacidade para acoller máis infraestruturas deste tipo. Os veletos teñen unha altura coa pala de máis de 160 m, no inverno o xiro das aspas proxecta cachos de xeo, con néboa o ruído multiplícase, interfíren nas telecomunicacións na cobertura dos móbiles, nas antenas de televisión, non se pode prantar a unha distancia de 200 m, a perda de valor do solo rústico, das vivendas, condena ao abandono do rural neses núcleos de poboación. Todos estes factores son polos que non están a favor dun proxecto eólico no concello de Ordes. Estarían a favor das renovables en Ordes se tivésemos sitio e non nos vísemos afectados por todas estas cuestións. A realidade non é esa. Se opoñen formalmente a estes proxectos, é a mensaxe que lle trasladan aos veciños, é no que se vai a centrar a súa actividade con respecto a estes proxectos.

Intervén o Sr. Regos Boquete, voceiro do grupo político UxO, que sinala que están a favor das renovables. Todo ten os seus inconvintes e as súas vantaxes. Están a favor do punto segundo. Pregunta ao Sr. Alcalde se é posible o punto primeiro, non cree que isto se poida por nun acordo, pídelles á Sra. Martínez Candal que estude a súa retirada. Entende que o Alcalde está a loitar polo interese de todos os veciños. Se algún día se fai este parque eólico loitará para que



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 10

participen empresas de Ordes, que se contrate a traballadores do concello, que haxa os máximos beneficios posibles. Se se manteñen os dous puntos vanse abster.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que non vai a retirar ningún dos puntos por que cree firmemente nesta moción. O BNG estivo a falar dun parque que xa retiraron, tamén quere un parque que cumpra. Esta moción que presenta é para parques futuros. Vai a deixar a moción como está, voten o que queiran.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que todos puideron opinar, as opinións non so son ás do goberno. Como dixo todo queda na acta e falarán no futuro.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de oito votos en contra (6 grupo político PP, Sr. González Santos e Sr. Gómez Candal), un voto a favor (Sra. Martínez Candal), e coas abstencións (3 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, rexeitou a moción presentada pola Sra. Martínez Candal.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que formula a moción que se transcribe a continuación.

“Unha sala de espera pediátrica dun Centro de Saúde debe de:

- Dispoñer dun espazo suficiente para evitar as aglomeracións e se o espazo o permite poder dividir aos pacientes de pediatría en función do tipo de doenza e afección. O espazo mínimo recomendado entre pacientes adoita ser de 1 m, segundo algúns estudos.
- Adecuar o sistema de ventilación ás necesidades da sala. Se non dispón dun mecanismo natural, necesítase instalar algún sistema que renove unha maior cantidade de aire.
- Os materiais de chans, paredes e mobiliario deben ser resistentes, facilmente lavables e sen moitas xuntas para evitar a acumulación da suciedade.
- Renovar os xoguets, evitar peluches e na medida do posible incorporar pantallas de tv para emitir programas infantís.
- Facilitar aos usuarios o uso de dispensadores de xel alcohólico para a desinfección das mans.

No Centro de Saúde de Ordes atopámonos na actualidade cos nenos e as súas familias que van a unha das pediatras carecen de sala de espera, polo que teñen que agardar nun estreito corredor de zona de paso de médicos e pacientes que no verán rexistra altas temperaturas.

Polo que, en condición de Voceiro Municipal do PSdG-PSOE no Concello de Ordes somete á consideración do Pleno esta moción, para que este adopte o seguinte acordo de resolución:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 11

Instamos ó Sr. Alcalde a que esixa á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia a habilitar unha sala de espera pediátrica digna para esta consulta e así rematar con esta situación precaria de hacinamento e malestar térmico por parte dos nenos e os familiares que os acompañan”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de quince votos a favor (6 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sra. Martínez Candal, Sr. González Santos, Sr. Gómez Candal), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito que sinala que está a favor.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que é certo que se acumula xente nese corredor. Se non fose posible dotar dunha sala a maiores deberían tomar as medidas necesarias para solucionar esta problemática.

Intervén o Sr. Veiras Carnerio, en representación do grupo político BNG, que sinala que están de acordo co que plantexan os compañeiros do PSOE. Propoñen incluír dous acordos máis que se incluían na recollida de sinaturas dos veciños e que entregaron no rexistro da Xunta. Un deles é que os dous pediatras estean a tempo completo no centro de saúde, e o outro é que nas consultas de pediatría se coloquen falsos teitos para corrixir as altas temperaturas que se rexistran non verán.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que se poden incluír.

Intervén o Sr. Regos Boquete, voceiro do grupo político UxO, que sinala que esta é unha moción. Pregunta se o Sr. Alcalde xa falou coa Xunta de Galicia da que depende o centro de saúde. Este é un centro que se inaugurou no ano 2000, que ten todas as salas ocupadas, non hai posibilidade de facer nada, pódese aumentar no xardín. O centro quédase pequeno, igual habería que ir un pouco máis alá e estudar xunto coa Consellería de Sanidade habilitar máis salas.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que vai a informar a concelleira delegada. Solicita se modifique o texto do acordo no que se inste directamente á Consellería de Sanidade. Informa que houbo unha reunión coa xerencia de Santiago a finais do mes de xaneiro xunto co Presidente da Mancomunidade.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de sanidade, que sinala que o problema non espazo de pediatría do centro de saúde é coñecido por todos. No mes de xaneiro mantívose unha reunión do Sr. Alcalde acompañado do Presidente da Mancomunidade coa Xerencia na que se falou do problema do espazo de pediatría e de habilitar dous pediatras a tempo completo. Este pasado martes mantívose unha reunión coa xerencia do centro de saúde para falar de problemáticas do centro, así como para establecer unha colaboración para solución



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 12

de necesidades. Hai un proxecto para ampliar a sala de espera de pediatría eliminando o xardín diante da sala, co que quedaría unha sala de pediatría moito máis ampla. Vaise a dotar ao centro de saúde de encamiñadores. Están de acordo con todas as melloras non servizo de pediatría. Valoran positivamente as propostas da xerencia. Calquera outra proposta mellor debe ser atendida e trasladada.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de quince votos a favor (6 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sra. Martínez Candal, Sr. González Santos, Sr. Gómez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

Instar á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia a habilitar unha sala de espera pediátrica digna para esta consulta e así rematar con esta situación precaria de hacinamento e malestar térmico por parte dos nenos e os familiares que os acompañan.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que formula a moción que se transcribe a continuación.

“Os recortes que levamos ao lombo nos últimos anos están afectando directamente aos gastos sociais, educación e sanidade que conforman o que, un tanto eufemisticamente, chamamos en España Estado de benestar. Un sistema de protección social -ou si prefiren un contrato social non escrito- que en España empezou moi tarde -coa democracia e desenvolveuse principalmente nos oitenta- cando en Europa xa nos sacaban moitos decenios de vantaxe. En certa forma, poderíamos dicir que aquí estamos despedindo unha serie de obxectivos sociais, sen sequera alcanzar un nivel aceptable nos mesmos, tomando como tales aos dos países máis avanzados de Europa.

A Agrupación Socialista de Ordes lamenta que a Consellería de Educación da Xunta de Galicia non preste toda a atención necesaria ao mantemento do ximnasio do Colexio Castelao.

Polo que, en condición de Voceiro Municipal do PSdG-PSOE no Concello de Ordes somete á consideración do Pleno esta moción, para que este adopte o seguinte acordo de resolución:

Instar a Consellería de Educación a arranxar o ximnasio do Castelao debido ao seu deterioro grave”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de quince votos a favor (6 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sra. Martínez Candal, Sr. González Santos, Sr. Gómez Candal), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 13

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito que sinala que está de acordo.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que tamén votará a favor.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que sinala que concordan co exposto polo compañeiro do PSOE, súmanse a reclamar un maior mantemento do ximnasio do CEIP Castela. Consideran que a iniciativa está mal plantexada, entenden que o mantemento das instalacións do CEIP Castela é responsabilidade do goberno municipal e igual non da Consellería de Educación. Polo que entenden que debe instarse ao goberno municipal a que execute as obras precisas para o correcto mantemento do ximnasio do Castela.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, en representación do grupo político UxO, que sinala que todo o que sexa mellorar o van a votar favorablemente. Das fotografías que se xuntan coa moción vese que o estado está bastante deteriorado.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de educación, que sinala que se ven a competencia municipal é de mantemento, calquera arranxo estrutural ou sobre a estrutura non é competencia do concello. Outra cousa é que en determinados momentos cheguen a un acordo coa Consellería para facer algún arranxo. O problema do ximnasio é bastante grave, precisa un cambio de cuberta total, que é competencia da Consellería de Educación. Non van a falar de cal foi o maior recorte social da democracia, non se quere meter en asuntos políticos. Oito de cada dez euros que reparte a Xunta de Galicia van para política social. Despois desta aclaración sinala que o CEIP Castela é un centro moi antigo, cando chegaron ao goberno as necesidades de arranxo eran imperiosas e as infraestruturas estaban como estaban. En xaneiro de 2016 chamaron á Consellería de Educación e á Unidade Técnica e fixeron unha visita por todas as infraestruturas do CEIP Castela. A dirección do colexio decidiu que o investimento de medio millón de euros fose para o edificio principal, despois arranxouse pola Consellería o exterior do edificio de infantil que agora é branco, en xaneiro deste ano nas aulas do edificio amarelo mudáronse todas as fiestras. Vaise priorizando segundo a comunidade educativa demanda. O concello para paliar un pouco arranxou pequenos desperfectos na cuberta, na pista, puxo unha visera de entrada para evitar que os rapaces entrasen con auga. O último que se fixo fai tres semanas foi a instalación de ventilación forzada. Hai un compromiso da Consellería de ir pouco a pouco arranxando todos os desperfectos segundo disposicións orzamentaria. Van a apoiar o acordo de resolución para que no menor tempo posible se arranxe o ximnasio.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de quince votos a favor (65 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sra. Martínez Candal, Sr. González Santos, Sr. Gómez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

Instar a Consellería de Educación a arranxar o ximnasio do Castela debido ao seu deterioro grave.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula a moción que se transcribe a continuación.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 14

“Habitualmente, na fin de semana seguinte á celebración da Festa do Champiñón, ten lugar a festa dos maiores de Ordes.

Desde fai varios anos, as persoas que acoden á mesma teñen que pagar unha entrada, non así os membros da corporación e do goberno municipal que van de balde e mesmo nalgunha ocasión, teñen acudido con acompañante.

Desde o BNG de Ordes non consideramos xusta e equitativa esta situación, xa que entendemos que calquera membro da corporación e do goberno municipal, deberá pagar a mesma cantidade que calquera outra persoa por acudir á festa. Ademais creemos que non se deberá levar acompañante a este tipo de eventos, e no caso de fose totalmente necesario levalo/-a, que cando menos estas persoas pagasen integramente o custo total do xantar.

Presentamos esta moción con ánimo de acadar un consenso de toda a corporación municipal de cara a mudar esta situación anacrónica, para tentar achegala a unha moralidade máis próxima as demandas da sociedade actual.

É polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo

1.- O pleno da corporación municipal acorda que na festa dos maiores de Ordes, os membros da corporación e do goberno municipal que desexen acudir á mesma, deberán pagar a entrada como calquera outro veciño e veciña.

2.- O pleno da corporación municipal acorda que na festa dos maiores de Ordes, os membros da corporación e do goberno municipal, na medida do posible acudirán sen acompañante. No caso de ser totalmente preciso asistir con acompañante, estas persoas deberán pagar integramente o custo total do xantar”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de quince votos a favor (5 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sra. Martínez Candal, Sr. González Santos, Sr. Gómez Candal e Sr. Vázquez Candal), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que está en contra. Se un concelleiro non merece un xantar ao ano. Fálase dos acompañantes, se un concelleiro vai acompañado pola parella. Isto chámase nada. Non pode apoiar isto. Sempre foi so. Se non se reconece que se acude representando ao pobo, isto non ten sentido. Non pode explicar o que sinte por que prefere estar calado.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que recibiu hoxe o convite para a festa dos maiores, non ten inconvinte en contribuír coa parte que lle toca. Vai a votar a favor por que vai sendo hora de comezar a mudar algúns comportamentos que se levan



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 15

anos dando por parte dos político, por que é o noso deber dar exemplo. Non di que non se mereza unha comida ao ano, pero tampouco supón nada e dáse mellor imaxe de cara aos veciños.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que lles parece un brindis ao sol. Entende que é un acto organizado polo concello e se vai en representación dun partido político, é un acto oficial. En caso de ter que pagar pagaría o prato completo, nin cinco nin dez euros.

Intervén o Sr. Regos Boquete, voceiro do grupo político UxO, que sinala que esta festa xa se facía co goberno anterior, o normal é que sigan apoiando. Non é polo importe, o máximo son oitenta e cinco euros. O motivo de por os cinco euros foi para que a xente se vexa obrigada a ir. Houbo un ano en que choveu en a xente non asistiu e eses pratos baleiros houbo que pagalos. Ve que noutros concellos a corporación municipal asiste a este acto oficial. Se hai que pagar, págase todo. Isto é competencia do goberno municipal, do Alcalde, debería plantexarse como un rogo.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de servizos sociais, que sinala que todos os argumentos son válidos. Dende o grupo de goberno sorpréndelles que a presentación desta moción, motivada por chegar á situación dunha moralidade máis próxima ás demandas da sociedade actual dunha situación que califican de anacrónica. As festas dos maiores é unha homenaxe anual que se organiza dende o concello para este colectivo, na que participa ou é invitada a participar toda a corporación. A Festa da terceira idade é un acto oficial, no que a corporación encabezada polo Alcalde, que é a anfitriona. Como acto oficial todos os concelleiros e grupos político teñen o dereito a participar é o deber de asistir dentro das posibilidades de cada un por que forma parte das labores de desempeño do seu cargo. Non se percibe unha dieta por asistir a este acto, como si hoxe por asistir a este pleno, pero a invitación a este acto é unha mostra de agradecemento á labor que se está a realizar como concelleiro. Vendo a súa motivación parece que se está a malgastar. É certo que hai que pagar unha entrada de cinco euros, por iso piden equidade. Se asistisen a totalidade dos concelleiros o importe sería de oitenta e cinco euros. Que se adique este importe a invitar á corporación é amoral. Como xa manifestaron todos os membros desta corporación non se negarían a pagar cinco euros por acudir a este acto, mesmo pagarían a entrada enteira, que é o que debería pagar toda a xente que non cumpre o requisito de ser menor de cincuenta e cinco anos, se o que realmente queren é a equidade na situación. Por que se pide pagar cinco euros e non a entrada completa, a maioría de nos non somos prexubiladaos ou xubilados, por que se pide pagar so cinco euros, por que son concelleiros, por que queren quedar ben por oitenta e cinco euros ao ano. A moción é populista, que non fan as contas, non din a contía que queren aforrar. Vai máis alá, se o que queren é igualdade, equidade, que non se teñan en conta que son concelleiros, non poden asistir, non reúnen os requisitos. Deixen de predicar unha dobre moral. Se queren falar de moralidade dos concelleiros desta corporación, hai que falar de que non se están a cobrar moitas asistencias ou dietas que se cobran en moitos concellos. Cantos concelleiros desta corporación teñen teléfono móbil a cargo do concello, ningún. Cantos concelleiros pasan dietas por gastos no exercicio das súas funcións, ningún. Polas múltiples reunións de traballo por expedientes municipais ás que asisten os concelleiros desta corporación non se cobran asistencias. A pesar de que este traballo altruísta de servidor público que supón un aforro ao concello que é cuantificable en miles de euros cada ano, vostedes queren quedar ben por oitenta e cinco euros. A estas alturas xa se imaxinan que non vamos a votar a favor, non é polos oitenta e cinco euros, senón por dignidade, por dignificar a labor que todos os concelleiros da corporación levan a cabo día tras días,



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 16

perdendo tempo nos seus traballos, coa súa familia e a veces cartos. Dignidade de servidor público que sempre defendeu o finado compañeiro o Sr. Recouso Liste, que era do seu grupo político. Ao que vostedes se refiren como anacronismo, nos chamámoslle tradición, identidade. Os actos oficiais deste concello identifican a todos os veciños, os arraigan ao concello, forman parte do seu ADN. Dirán que non están a falar de erradicar actos oficiais, é verdade. Non fala disto por agora, hoxe son os cinco euros, mañá os actos de San Roque, do Pilar ou os do Soldado Lois, e quen sabe se o día de mañá verán amoral celebra a Festa da Terceira Idade. Non lles vai a colar. Que se invite aos membros desta corporación aos actos oficiais deste Concello non fai a este goberno, nin a esta corporación, nin menos nobre, nin menos honrada. Vai recordarlle que vostede forma parte dunha asociación que é a Banda de Música de Ordes que non seu acto oficial que é a festa de Santa Cecilia manda dúas invitacións a este concello. A verdade é que a presentación desta moción reflicte que non se debe a estar a facer tan mal as cousas por que non se fala de xestión do orzamento, de conquistar investimentos, veñen a discutir de calderilla. En canto ao segundo punto da moción, primeiro, quen lles di a vostede que as raras veces que vai un acompañante non paga o prato. Podía reiterar sobre o segundo punto o dito ata o de agora, vai a engadir dúas cousas. Os actos oficiais como non oficiais se converten en actos sociais abandonando o seu carácter cando non perseguen unha finalidade directa de traballo senón a de estreitar lazos entre os asistentes. Caracterízanse pola asistencia de persoas de distinto sexo, pola súa condición de cónxuxe ou acompañante, así o din os manuais e regras de protocolo. Quizáis o máis importante, como xa dixo o Sr. González Santos, tendo o dereito de acudir con acompañante os concelleiros teñen dereito a conciliar a súa vida familiar alomenos durante os fins de semana e festividades. Polo que os grupos políticos non poden predicar sen dar exemplo. Este dereito tradúcese en que o concelleiro ou invitado de honra que se invite dependendo da súa situación persoal decida ir acompañado ou non.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que despois deste festival da demagogia. Conciliación familiar si, pero seguen entendendo que calquera acompañante que queira vir pode pagar perfectamente o custe do prato. Non se di en ningún momento que oitenta e cinco euros sexa un mal gasto, non critican isto en ningún momento. Cando dicimos que parece anacrónico é por que parece que os concelleiros non pagan por asistir ao acto por que somos persoas especiais. Somos representantes públicos, si, pero o mesmo que se lle esixe pagar a calquera persoa, cinco euros que si que son unha fungalla, non ve tanto problema en que tamén paguen os concelleiros. Non se refiren so aos cinco euros, lean o acordo plenario, podemos por que se pague todo o prato, non hai problema ningún. O acordo di cando menos a mesma cantidade que calquera outra persoa que acode, poden ser cinco euros ou máis. Non fagamos demagogia, que amola pagar, pois bueno. Non é un brindis ao sol, é unha proposta que teñen, que entende que é algo que a sociedade demanda. Non se meten xa a analizar o fondo da cuestión da festa. Sabemos que estes cambios a xente aínda é moi reacia a facelos. Empezamos por unha proposta de mínimos, pagar cinco euros, xa vemos que non vai a saír á adiante. Non teñen teléfono móbil a cargo do concello por que foi algo que propuxeron en campaña. Non lle consinte que mente ao Sr. Recouso Liste, por que se hoxe estivese aquí estaría defendendo o mesmo. Estamos en contra desa tradición, é ao que lle chamamos anacronismos. Da festa de San Roque e outras, pois ao mellor hai que replantexarse certas cousas. Xa se verá no tempo, vemos que mudar custa moito. Somos representantes públicos, pero á hora de papear



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 17

podemos pagar cinco euros como calquera outra persoa. Se non queren non pasa nada. Para o BNG isto é unha moción, buscamos un acordo plenario.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que despois do que lles acaba de dicir a concelleira delegada cree que o que perseguen é que se poidan eliminar moitas destas señas de identidade como é o San Roque, homenaxe ao Soldado Lois, pídelles que recuperen a misa e a ofrenda relixiosa en Santa Cecilia, que o que corresponde nun acto como ese como fan en moitos concellos.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que se mencionou a súa pertenza a unha asociación, non ten o seu control, é un socio máis. O acto o desenvolve o organizador. Se queren desviar a atención con cousas que non veñen a conta.

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito que sinala que o Sr. Vidal Ríos baixou o teito político moito. Parécelle que se estea a discutir isto, hai moito do que falar, propostas que expor, estamos con isto. Cando el teña un voto para isto non conten con el nunca, teñen razón de pedir a súa dimisión, mentres estea aquí o seu voto para isto non.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que do que se trata é de demostrar nobreza á veciñanza.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que se reafirma na súa primeira intervención.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de servizos sociais, que sinala que a demagogia é a súa, xa recoñeceron que primeiro son os cinco euros e despois o replantexamento de todos os actos oficiais e finalmente tamén a desaparición da festa da terceira idade, á que vostedes acaban de chamar anacrónica.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que por alusións sinala que anacrónico é o feito de acudir gratuitamente, un privilexio dun concelleiro.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que tiñan que ser valentes e recoñecer que o que non lles gusta é que se celebre a festa, é co que se queda, é simplemente unha opinión persoal, non se ofenda por isto.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de servizos sociais, que sinala que si non lles gusta que o concello subvencione o resto e non cinco euros, simplemente non vaian.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de oito votos a favor (6 grupo político PP, Sr. González Santos, Sr. Gómez Candal), tres votos a favor (2 grupo político BNG, Sra. Martínez Candal), coas abstencións (3 grupo político UxO, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, rexeitou a moción presentada polo grupo político BNG.

PUNTO QUINTO: ROGOS E PREGUNTAS.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 18

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que formula os rogos que se transcriben a continuación.

- En distintos puntos do concello os contenedores amarelos para os envases de plástico están mal situados, encaixados entre os contenedores verdes, moi afastados da beirarrúa, ...etc., de tal maneira que fan moi difícil a súa utilización por parte dos veciños, hai que lembrar que a tapa destes contenedores non abre totalmente, so se abre a tapa pequena que hai no centro.

Dos pasos de peóns que están repartidos polo concello hai moitos moi mal iluminados co que se fai moi perigoso para os peóns utilízalos pola noite ou cando as condicións de visibilidade son limitadas.

Por todo isto, solicitamos no Sr. Alcalde o seguinte:

Se revise e modifique a colocación de todos os contenedores do concello para situalos de xeito que os cidadáns poidan utilízalos de maneira cómoda e eficiente.

Colocar uns puntos de luz orientados directamente ao centro de cada paso de peóns para aumentar a visibilidade que poidan ter os condutores dos viandantes e mellorar así a seguridade vial.

Intervén a Sra. Soneira Rama, concelleira delega de medio ambiente, que sinala que a colocación dos contenedores deixa moito que desexar ne moitos casos, podería reubicarlos todos e así conseguir máis prazas de aparcamento. Mirarase para polos da mellor maneira posible, os puntos de luz tamén.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que formula os rogos que se transcriben a continuación.

- Na estrada de Adrán a o Porto (Vilamaior) antes da ponte da autopista (coordenadas 43.112105, 8.337592) a uns 50 m existe un vertedoiro de planchas de fibrocemento (amianto). O uso do amianto foi prohibido totalmente en España en decembro de 2001, se ben algunhas variedades prohibíronse antes coma o amianto azul (1984) e o amianto marrón (1993). Aínda queda amianto en construcións anteriores á prohibición, polo que debe ser retirado por unha empresa especializada e autorizada.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 19

Na súa condición de voceiro municipal do PSdG-PSOE no concello de ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Rogamos se retire este vertedoiro de compoñentes de amianto e se xestione segundo a normativa vixente, así como sinalizar a zona para evitar outro vertedoiro no mesmo punto.

Intervén a Sra. Soneira Rama, concelleira delegada de medio ambiente, que sinala estivo onte pola tarde noite e viron eses residuos, mirárase, falarase coa policía local para facer un informe e despois tomar a decisión que compete.

- No lugar de Porpalla na casa de Botana (coordenadas 43.091150, -8.336167) cara o norte hai unhas árbores que incumpren as distancias establecidas pola Lei de Montes tanto cara a estrada como cara a nave anexa a casa.

Na súa condición de voceiro municipal do PSdG-PSOE no concello de ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo

Rogamos se abra expediente para que se retiren estas árbores ata a distancia establecida na Lei de Montes.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que en relación con este rogo xa se tramitou un expediente, volverá a falar coa policía local, para que informe ao respecto, é iniciar un novo expediente.

- As seguintes estradas encontrámolas cheas de fochancas:

A estrada que vai do Mesón do Vento á Barcula é unha vía moi transitada diariamente, a cal require unhas condicións óptimas da plataforma de rodadura. Actualmente está chea de fochancas que fan perigosa a circulación de vehículos.

A estrada que vai de Adrán cara O Porto (Vilamaior), actualmente está chea de fochancas, así como o paso por debaixo da AP-9, facendo perigosa a circulación de vehículos.

Na súa condición de voceiro municipal do PSdG-PSOE no concello de ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instamos ao Concello de Ordes a que fagan un recheo de todas estas fochancas.

Tamén pedimos que no próximo POS ou en outro Plan de obras se acometa a ampliación da anchura e asfaltado da estrada Adrán-O Porto apuntando que a parcelaria deixou un metro desde a cuneta cara as fincas para este fin.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA N° 20

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que estamos co proceso de contratación do rebacheo, o que se puido facer ata o de agora foi cos nosos operarios. Xa se actuou en parte na vía de Mesón do Vento á Barcula, queda parte por reparar, en dúas tres semanas deberá estar resolto. A segunda parte pídlle que cando se traian as propostas do POS do vindeiro ano inclúa esta, valorarase e verase se pode ser aprobada no pleno. Haberá que comprobar a cartografía.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos que se transcriben a continuación.

- Na escola da Rúa en Buscás, parte da instalación eléctrica exterior atópase descolgada e accesible para as persoas.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

Se repare dita deficiencia.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que onte foi coa asistencia técnica á Rúa, é unha actuación que piden os veciños, xa viron esta deficiencia e xa está reparada.

- En Guindiboo, na zona de O Pereiro e que se marca na ortofoto adxunta, levan máis de un mes sen alumeado público logo de que se cambiasen os postes da rede que hai pola zona.

Esta situación está a xerar gran inseguridade entre as veciños dunha zona, que non é a primeira vez que sofre a visita dos amigos do alleo.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

A que se nos informe das causas polas que falta o alumeado público.

Se busque unha solución o máis axiña posible.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que isto xa foi tratado. Houbo dúas situacións Guindiboo e Vilasuso en Beán, practicamente na mesma semana. Houbo que facer un proxecto, unha instalación nova, un novo boletín co contrato correspondente, a tramitación vai lenta, esta pendente o contador e dar servizo. O de Vilasuso está resolto dende onte. O outro se non esta resolto no día de hoxe terá que estar na semana que ven.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, que sinala que isto é o que nos trasladan os veciños.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos que se transcriben a continuación.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 21

- Recentemente a Subdirección General de Evaluación Ambiental do Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente abriu un período de consultas de cara a avaliación ambiental do proxecto Parque Eólico Ardemil.

Segundo se recolle no proxecto, durante a elaboración do mesmo tomouse contacto cos concellos afectados.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

A que se nos informe se tal contacto existiu e en que consistiu.

A que se nos informe de si o Concello de Ordes formulou algunha apreciación ou alegación durante o período de consultas do proxecto Parque Eólico Ardemil.

A emitir uns bandos informativos cando se produzan novos períodos de consultas ou alegacións, de cara a informar á veciñanza dos mesmos debido á transcendencia do proxecto.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non houbo contactos, fíxose unha consulta, todo o que sae anterior a esta consulta é anterior ao 2010. O proxecto fai referencia a eses contactos como moitas outras eivas que ten. O primeiro contacto é a chamada ao concello pola empresa o luns pola mañá e os correos en relación á renuncia. É certo o dos bandos, non foi suficiente darlle publicidade na web municipal e redes sociais. Para futuras actuacións colocárase o bando oportuno para que os veciños teñan máis información.

- O pasado 18 de abril o alcalde anunciou a bombo e pratillo que mantivo unha xuntanza de traballo esa mañá con técnicos delegados da empresa Green Capital Power, onde supostamente foi informado da suspensión dos proxectos para a implantación do parque eólico Ardemil, e que se faría oficial o xoves 19 de abril.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

Que se nos informe con que persoas se reuniron e onde.

Que nos faga chegar unha copia da citada renuncia.

Que nos informe de porque lle indicou á veciñanza que non podía alegar no período de consultas para a avaliación ambiental do proxecto Parque Eólico Ardemil.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a cita foi solicitada o 16, a reunión o 18 co delegado máis o técnico na Alcaldía a partir das 12:00 horas, vinte minutos. Foron varios os veciños que pediron que unha vez celebrada a reunión se fixese o comunicado que se fai para que todos teñan coñecemento. A tramitación do Inxerío a descubre o xoves a través do enlace nunha rede social. A chegar a copia da renuncia lla amosa sen problema, como todos os documentos aos que fixo antes referencia, como non forma parte dun expediente municipal pode pasar a velos ou consualos. En relación a última cuestión hai unha diferenza con respecto ao rogo e o que realmente sucedeu, falouse co técnico que fai as alegacións na fase de consultas e considerouse que é mellor que os veciños na seguinte fase, no trámite de información pública, fagan as alegacións, pero nunca se lle dixo que non as podían facer. Hai unha pequena diferenza.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 22

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que é o que lle trasladan os veciños, que a algún se lle dixo que non as podían facer. Si é certo que se lles transmitiu unha información errada. Moita xente entendeu que non se podían facer neste momento.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que tivo reunións con veciños individualmente, coa Asociación de Buscás, moitas chamadas telefónicas, que algún se quede coa idea de que non se podían facer, é certo. Nunca se lles dixo que non as podían facer. Non llo pode ratificar ou afirmar ningún. O que se entendeu é que no trámite de consultas tiñan que traballar os técnicos municipais.

- O pasado sete de abril cumpríronse catro anos desde que se formalizou a reversión ao Concello de Ordes das instalacións do antigo Centro Comarcal, sen que aínda fose utilizado a día de hoxe.

Desde o BNG levamos demandando en numerosas ocasións a implantación dun viveiro de empresas en dito edificio e que se sacase a concurso a xestión da cafetería existente nas devanditas instalacións.

A realidade e o paso dos anos, demostran que o alcalde non ten nin o mais mínimo interese en levar a cabo estas propostas, nin ten pensado poñer en valor o edificio.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

A que o alcalde manifeste claramente que ten pensado facer coas instalacións do antigo centro comarcal, deixando de enganar á veciñanza votando a favor de acordos que logo nunca se executan ou dotando partidas orzamentarias que logo son obxecto de modificacións de crédito para destinalas ao que realmente se pretendía.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que comparten que Ordes é un lugar estratéxico para ter un viveiro de empresas. As ordes de axudas non benefician nada para financiar ese viveiro de empresas pola ubicación que ten. Si se ubica no parque empresarial poderíamos ter cuberto o setenta ou oitenta por cento do seu custe anual. Adianta que a Xefatura Territorial do Medio Rural volve a estar interesada no edificio, a vindeira semana chegará a comunicación formal de para que queren adicar ese edificio e o que ofrecerían a cambio. Unha vez que chegue a comunicación nos temos que sentar todos e valorar se temos algunha opción de ter un viveiro de empresas no parque empresarial e traballar para iso. Ao longo deste ano foron varias veces á Cámara de Comercio de A Coruña que fixo un estudo e fala do que eles analizaron para o período 2016-2021 de comezar cuns gastos de 60.000 euros para arrancar e chegar en catro anos a 100.000 euros. Parécelle moito diñeiro para afrontar so con fondos municipais se a ubicación é nas Casillas no Centro Comarcal. Se non se consegue un convenio fora de axudas habería que financiarlo con fondos municipais. Hai que darlle unha volta. A proposta da Xefatura Territorial resolve esta e outras situacións de necesidade de equipamentos e instalacións axeitadas dentro do termo municipal. Agarda ter unha decisión tomada no 2018, non creo que exista un viveiro de empresas no 2018. Os gastos de mantemento dese edificio son múltiples, co alugueiro da cafetería non é viable se non hai outro uso do edificio. Cando chegue o comunicado entre todos o analizaremos, despois o que decida a maioría. Somos rigorosos no investimento dos fondos municipais. Con cen mil euros ben empregados podemos facer investimentos por importe de



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 23

cincocentos mil euros en liñas de axudas. Se se destinan a un viveiro de empresas hai que analizar de donde podemos sacar fondos para facer outro tipo de actuacións, e para isto tería que sentarse na cadeira do goberno e tomar alí as decisións. Non pense que non o analizamos.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que despois de catro anos, un edificio sen utilizar, que se vai deteriorando, depreciando, cun uso normal se conserva mellor. Parécelles que isto ten que cambiar, ten que entrar en funcionamento. Se estivésemos gobernando sería unha prioridade, xa o teríamos en funcionamento, custase o que custase. Buscaríamos a maneira de financiarlos, desviando incluso unha parte do POS+, ou buscar financiación. É unha cuestión de prioridades de quen goberna. Creemos que hai que darlle traza dunha vez.

Por último, ábrese unha quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que formula as preguntas que se transcriben a continuación.

- O ano pasado aprobouse unha moción que presentei para que o concello solicitase unha relación das paradas de bus á Consellería de Infraestruturas e Vivenda, e ademais se sinalizasen debidamente, xa que á altura dos Blancos parece ser que non está sinalizada como algunhas mais,

É por todo isto polo que formulo as seguintes preguntas ao Señor Alcalde:

¿Tivo resposta da consellería?. ¿En caso afirmativo podería remitirnos unha copia aos demais concelleiros?.

¿Que tramites faltaría para poder sinalizar xa as paradas? .

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que aínda non chegou a petición, comprobouse no rexistro e non chegou nada. Reiterarase esta petición e a ver se nos respostan, senón chamarán directamente.

- Un veciño achegoume a súa queixa de que no parque do Paraíso se tallou un carballo (o máis antigo do parque) que normalmente servía para facer sombra no banco que hai no citado parque, e que ademais coidaba da estética do parque, parece ser que a raíz dunhas obras realizadas no citado parque se procedeu a dita tala. Non foi a comprobalo.

É por todo isto polo que formulo as seguintes preguntas ao Señor Alcalde:

¿Por que se tallou unha árbore protexida e quen tomou a decisión?.

¿Vaise repoiñar dita árbore ou foi levada a outro emprazamento? .



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 24

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non é unha árbore protexida, é duns vinte ou vinte e cinco anos. Ata o día de hoxe que preguntou por isto non sabía o que había sucedido alí. Teño un informe sobre situación do Obradoiro de Emprego Ordes-Frades 2017, ante a retirada dunha árbore no parque Pilar Martínez Viqueira, o director do Obradoiro de emprego informa que durante o transcurso do obradoiro nas inmediacións deste parque existía unha árbore cun tronco duns corenta centímetros de diámetro, non centenario, moi deteriorado polo temporal, que estaba rota e caída a metade da parte aérea xunto coa metade do tronco. A metade do tronco presentaba fendas e podremia. Na sección que estaba rota había zonas moi punzantes. Na zona onde estaba había un banco para sentarse con risco de que outras partes da árbore caeran encima. Informouse á dirección do obradoiro por parte do director de xardinería e solicitouse opinión dun enxeñeiro agrónomo e enxeñeiro dun enxeñeiro técnico que consideraron que dada a dificultade da súa recuperación e do risco que supoñía manter esta árbore nunha zona de tránsito e de lecer con concorrencia de nenos o máis oportuno e solución posible era un desmochado. Dados os danos e que o desmochado non aseguraba a súa viabilidade e se mantiña o perigo das zonas punzantes a mellor solución era a súa retirada do lugar, polo que se procedeu a súa tala para evitar males maiores.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula as preguntas que se transcriben a continuación.

- Con respecto aos contratos correspondentes a prestación de servizos ou subministracións.

¿Cantos e cales se atopan actualmente caducados?.

¿Cal é o motivo polo cal non se atopa ningún contrato publicado no portal de transparencia do Concello de Ordes?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se vai a actualizar nas próximas semanas, os técnicos e persoal van ao ritmo que poden. Os caducados cree que xa o saben, quedan o de guindastre e o de reclamación de danos patrimoniais. As tarefas de mantemento da piscina climatizada que o segue a facer a mesma persoa que o facía coa empresa que xestionaba a piscina. Todo o mantemento de copiadoras, o mantemento de elevadores. A subministración eléctrica que se están a adaptar os pregos á nova lei de contratos. Estase a elaborar os pregos dos pellets cuxos pregos se están a redactar. Produtos de limpeza e de ferraxería contratos de subministro. Pouco a pouco iranse adaptando. Os contratos dos que se falou con anterioridade están resoltos a día de hoxe. O da escola infantil estanse a preparar os pregos e está prorrogado o contrato.

- O proceso de selección de persoal laboral temporal para condutor de tractor desbrozadora, resolveuse con tres aspirantes, dous deles excluídos por non acreditar tódolos requisitos esixidos e un solo admitido.

No pleno ordinario do mes de marzo xa denunciámos que o proceso non se atopase publicado na páxina web municipal, que se solicitaba unha titulación sobre coñecementos de seguridade viaria e seguridade no traballo para condutores de



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 25

maquinaria agrícola e forestal, sen especificar que títulos son válidos, posesión dun carné tipo C1+E.

Despois de demostrarse que case se dan as condicións para declarar o procedemento deserto:

¿Segue considerando que a publicidade que se lle deu ao proceso e os esixentes e confusos requisitos establecidos nas bases do mesmo foron acertadas?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que segue a plantexar cuestións que xa lle respostou. De momento están excluídos provisionalmente, aínda non saíu a lista definitiva. As bases as fixeron os técnicos seguindo as bases doutro concello, a publicidade é a axustada ao procedemento no BOP e ao mesmo tempo nas redes sociais. En futuras convocatorias os criterios serán os que marques os técnicos, intentarase dar máis publicidade.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que o Alcalde asina as bases, pode revisar se os criterios son obxectivos, se son demasiado esixentes. Que o teña en conta para vindeiras convocatorias, por que senón vai acontecer isto en máis ocasións.

- No BOP número 56, do xoves 22 de marzo de 2018, publicouse a aprobación en Ordes dunha oferta de emprego público para o ano 2018; con dúas prazas para a Policía e unha para Administrativo. O procedemento para a selección das prazas de Policía entendemos que será levado a cabo a través da Xunta de Galiza segundo recente acordo plenario.

No tocante á selección da praza de Administrativo:

¿Cal é o almanaque previsto para o procedemento?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que de momento non hai almanaque, hai dous anos para que se tramite o procedemento. Non temos unha data concreta.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que cando o teñan que avisen coa suficiente antelación para que a xente as poida preparar convenientemente e haxa unha concorrencia máis competitiva.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo ás vinte e unha horas e corenta e cinco minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO